

## Topónimo Casaldarnos.

### Vivir en Casal de Asnos

*Os de Casal de Asnos  
 boa xente é,  
 andan sempre a gatas  
 e nunca de pé.  
 Levan posto un rabo  
 e orellas tamén  
 e tocan a frauta  
 soprando ao revés.  
 Nin curas nin frades  
 predicán a fe  
 e corren o entroido  
 desde o Santo André.  
 Vivir nesta aldea  
 que bonito é;  
 vivir nesta aldea  
 da gusto e pracer...*

Son veciño do lugar de Casaldarnos, na parroquia de Santa Baia de Ribadumia. Hai pouco tempo asistín á presentación dun proxecto cultural aos escolares de Ribadumia para recoller e poñer en valor a toponimia e a microtoponimia do territorio municipal. Estaban presentes, ademais de min, ao redor duns cincuenta rapaces e rapazas, tres profesoras do colexio e o que dirixía a reunión. Se non entendín mal, este era técnico dun organismo oficial da Xunta de Galicia, que non sei precisar agora.

O técnico explicou o proxecto e o programa, animando aos escolares a participar. Dixo que xa estaba funcionando noutros colexios de varias localidades galegas, que mesmo as foi nomeando.

Avanzado o tempo e despois das explicacións que considerou oportunas, abriu un coloquio cos oíntes e animounos a que preguntasen sobre calquera dúbida ou cuestión que quixesen saber.

Un rapaz preguntou: - *Que quere dicir **Sucasa**, o lugar onde vivo?*

-*Pois, está claro; debaixo da casa*, respondeu o interlocutor.

- Como?

- *Si, a parte baixa dunha casa. O piso baixo, antes do primeiro piso...*

Eu non me contiven e fixen publicamente a aclaración que **Sucasa** ou **Socasa** referíase a un lugar ou aldea situada nun terreo inferior a onde estaba a “casa grande” dos propietarios daquelas terras. Concretamente, trátase dunha aldea da parroquia de Leiro, onde en tempos pasados vivían os criados e parceiros dos donos do Pazo do Monte, situado nun nivel máis elevado que o lugar...

-*E que quere dicir Casaldarnos?*, preguntou outro rapaz.

- *Pois, como podes ver, quere dicir Casal de Asnos*, respondeu o interpelado

- *De asnos ou burros, quere dicir?...*

Eu non daba crédito ao que estaba a oír, pero contiven o xenio e calei. Segundo aquel, o significado do actual topónimo **Casaldarnos** viría de “**Casal de Asini**” (Lt. *asinus*, -i : asno). Baia por todos os demos e animais cuadrúpedes! Ben que en latín “*asinus*” tamén significa estúpido, necio, ignorante, persoa de pouco entendemento; palabra e significado que nesta ocasión viña ben aplicarlle como cualificativo ao que tal resposta deu (insisto, non o coñezo de nada). E por rebaixar a cualificación, para non ser tan áspero, eu diríalle: “*oves carpunt herbas*” –en romance galaico: as ovellas pastan as herbas-. E os *asinus* tamén.

Esquecendo ese recordado episodio, aproveito para intentar explicar a posible significación do topónimo Casaldarnos.

En galego un “**casal**” fai referencia a unha casa labrega ou unha propiedade rústica. Pero tamén ten unha significación colectiva: un conxunto de casas que forman un grupo, particularmente no campo. Con este significado tamén se emprega a palabra “**quinteiro**”: grupo pequeno de casas agrupadas, separadas do resto da aldea. E “**quinteiro**” tamén se denomina a praza pública ou terreo no centro dunha aldea. Pois ben, na aldea de **Casaldarnos** aínda hoxe hai o quinteiro, un eirado ou praza pequena entre as casas.

O topónimo **Casaldarnos** evidencia unha palabra composta de tres vocábulos:  
*Casal – d – arnos*.

O primeiro deles –“**casal**”- ten orixe na voz latina “*casa*, -*ae*”, que facía referencia a unha cabana, unha construción rústica, para vivir (“*casae humiles*”, cabana de teito baixo, ás veces feita con paus, canas, etc.). Tamén recibe os nomes de chabola ou

choza. Os romanos chamábanlle “*domus*” ao que nós hoxe dicimos casa (“*domi nostrae*”, na nosa casa; “*in domo sua*”, na súa casa). Así pois, *casal* é un substantivo latino, rematado co sufixo *-ale*: *casale*. En galego este sufixo quedou en *-al*.

Despois do primeiro vocábulo do topónimo aparece a preposición de ablativo “*de*”, coa elisión ou supresión da vogal final, por comezar tamén por fonema vocálico a seguinte palabra. Esta preposición denota relación de procedencia ou orixe.

O derradeiro elemento da composición do topónimo, “*arnos*”, pode ter dúas explicacións diferentes. Unha vería a orixe no baixo latín *arenariu* (Lt. *area*, *-ae*, superficie ou lugar chairo).

**Arneiro** aínda hoxe é unha terra areúda e estéril. Nun documento do rei Afonso III do ano 893 (citado por López Ferreiro, Historia de la Iglesia de Santiago) fálase dunha “*villa quam dicunt Arenosium juxta fluvium Tena*”, que parece situarse na parroquia de San Lourenzo de Arnoso, concello de Pontearreas. Nesta liña, o noso topónimo tería o significado de lugar areoso, abundante en xabre, unha terra areúda ou con barro.

Segundo os filólogos as palabras Arnosa, Arnoso, Arnego e Arnoia (ríos), Arnoba e Arnois teñen unha procedencia anterior ao latín. A súa orixe está nas linguas lígur ou ilirio-lígur, preceltas indoeuropeas, que falaban antigos pobos que habitaron nestas terras en tempos prehistóricos, de canda o neolítico. Respectados polos habitantes posteriores, persistiron en moitos dos nosos topónimos ata a actualidade.

Non obstante, no noso caso, a min paréceme que pode haber outra explicación máis axeitada. O vocábulo “**casal**” fai referencia a unha vila ou granxa ou quinta, unha propiedade rural, con casa e terras ao seu redor. A preposición “*de*”, intercalada no topónimo, indica unha relación xurídica cunha persoa determinada. Esta sería un “*possesor*”, un colono que cultiva unhas terras arrendadas e adoita vivir nelas.

Penso que debo aclarar esta circunstancia histórica. Tras a conquista da Gallaecia polo Imperio romano, este apropiouse (adquiriu o “*dominium*” ou propiedade) do país. O Estado reservouse en exclusiva a explotación das minas e dos bosques, cedendo a explotación do resto do territorio a “*possesores*”, que pagaban un canon por esta cesión temporal. Estes colonos –moitos deles soldados licenciados, coas súas familias, oriúdos de pobos tributarios do Imperio ou de fóra del- asentáronse na terra, levantaron explotacións agropecuarias e deron nome aos lugares do seu asentamento.

Neste suposto, **Casaldarnos** respondería en orixe a **Casal de ... Arnosus (?)**. O nome non era latino, pode ser que suevo ou visigodo ou doutro pobo, pero sigue a liña

toponímica de Casdemiro, Casalálvaro, Casaldares, Casaldárido, etc. Para corroborar a realidade desta hipótese, habería que ver na antroponimia –nomes das persoas- céltica ou xermánica e dar co nome do titular posesor. Tamén hai que contar que o tal nome puido sufrir alteracións vocálicas, por latinización ou polo uso vulgar da palabra no transcurso histórico.

Chegados a este punto, “podemos afirmar e afirmamos” que o topónimo **Casaldarnos** non ven de “Casal de Asnos”. **Asinus** é toda aquela persoa faladora –falabarato- que en toponimia, descoñecendo a historia e a ciencia filolóxica, “toca a solfa de oído”, descoñecendo a partitura musical.

E xa que falamos de músicas, disque de vello se cantaba nesta aldea:

*As de Casaldarnos,  
cando van co gando,  
espichan a vara  
e bailan o tango;  
e bailan o tango  
e máis a muiñeira,  
as de Casaldarnos  
cando están na eira...*

*Os de Casaldarnos  
sempre andan de pé.  
Vivir nesta aldea  
que bonito é.*

**Ron Dagan** -Hernando Martínez Chantada-